

A Cruña, 13 de Xunio de 1973.

Sr.D. Anxel Fole

Lugo

Meu querido amigo:

Remítoche esta carta para J.S. que debe ser unha persoa moi moza e que fixo unha nota o día 10 de este mes no voso periódico. Dalla si ti crées que val a pena. Eu penso que sí porque estoy farto de que as xentes pubriquen todo o que lle pasa pola testa e non créan que están obrigados a informarse sobre quén é quén. Tamén de que o centralismo chegue a influenciar de tal xeito ós mozos galegos e podan pensar que Madride ten hoxe capacidade de consagración no mundo.

Deica o 18 que iremos ó estreno de Bal.

Unha grande aperta de: